

DOMINGO 14 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Is 66, 10-14c

Velaí mandarei sobre ela como choiva a paz

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Alegrádevos con Xerusalén,
e brincade de ledicia por ela,
todos os que a amades.
Exultade con xúbilo con ela
todos os que vos enloitastes por causa dela,
porque mamaredes
e fartarédevos do peito das súas consolacións,
porque zugaredes e gozaredes do seo da súa riqueza.
Porque así fala o Señor:
"Ollade que eu estendo ata ela a fartura coma un río,
sí, coma un río desbordado a riqueza das nacións.
Vós mamaredes, no colo seredes levados,
sobre os xeonllos seredes aloumiñados.
Coma un neno, a quen súa nai consola,
así vos consolarei eu.
Si, en Xerusalén seredes consolados.
Entón veredes que se alegra o voso corazón
e que os vosos ósos florecen coma un campo".
A man do Señor daráselles a coñecer aos seus servos

SALMO RESPONSORIAL Sal 65, 1-3a. 4-5. 6-7a. 16 e 20

R/ (1): Aclama a Deus, terra enteira,

Aclama a Deus, terra enteira,
canta a gloria do seu nome;
réndelle o honor da louvanza,
dille: ¡Que sorprendentes son as túas obras!

Próstrase a terra toda ante ti
e canta salmos ao teu nome.
Vinde e vede as obras do Señor,
os seus sorprendentes feitos entre os homes.

El mudou o mar en terra seca
e pasaron o río a pé:
felicitémonos por iso.
Co seu poder domina o mundo,

Vide os que temedes o Señor,
e contareivos o que El fixo por min.
Bendito sexa Deus,
que non desbotou a miña súplica
nin afastou de min o seu amor.

SEGUNDA Gal 6, 14-18

Levo no meu corpo os sinais de Xesús

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS GÁLATAS**

Irmáns e irmás:

A min Deus me libre de gabarme en algo que non sexa a cruz de Cristo, na que o mundo está crucificado para min como eu para o mundo. Pois tanto ten estar circuncidado coma estar sen circuncidar. O que importa é a nova creación.

A paz e maila misericordia virán sobre todos os que se axusten a esta norma e sobre o Israel de Deus. De hoxe en diante que ninguén me veña amolar, porque levo no meu corpo as marcas de Xesús. Irmáns, que a graza do noso señor Xesús Cristo vaia convosco. Amén.

ALELUIA Col 3, 15a. 16a:

Que a paz de Cristo reine nos vosos corazóns a palabra de Cristo abunde en vós

DOMINGO 14 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 10, 1-12. 17-20 (longa)

Descansará nela a vosa paz

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela designou o Señor a outros setenta e dous, e mandounos de dous en dous por diante del a todas as vilas e aldeas onde tiña pensado ir. Díxolles:

- A anada évos ben boa, pero os xornaleiros son poucos; así que rogádelle ao dono da colleita que mande xornaleiros á súa ceifa.

Ide e sabede que vos mando coma años entre lobos. Non levedes saco, nin alforxa, nin calzado, nin vos paredes a parolar con ninguén polo camiño. Cando entredes nunha casa, antes de máis nada dicide: "Paz a esta casa". E se alí hai xente de paz, sobre ela repousará a vosa paz; se non a hai, volverá convosco. Permanecedes na mesma casa, comendo e bebendo do que teñan, que o obreiro ten dereito ao seu xornal. Non andedes dunha casa para outra. Cando entredes nunha vila e vos acollan, comedes do que vos poñan, curade os enfermos que haxa e dicídelles: "Xa chega a vós o Reino de Deus".

Pero cando non vos acollan na vila na que entredes, saíde ás prazas dicindo: Non queremos levar da vosa vila nin o pó que se nos pegou aos pés. Aí vos queda.

Pero sabede que xa chega o Reino de Deus. Asegúrovos que o Día do Xuízo será máis levadeiro para Sodoma do que para aquela vila.

Entón voltaron os setenta e dous moi contentos dicindo:

- Señor, aínda os demos tamén se nos someten no teu nome.

El replicou:

- Eu vía a Satanás caendo do ceo coma un raio. Porque vos dei poder para pisardes cobras e máis alacrás e poder sobre toda forza inimiga, e nada vos fará mal. Con todo, non vos alegredes de que os espíritos se vos sometan: alegrádevos, máis ben, de que os vosos nomes estean escritos no ceo.

DOMINGO 14 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 10, 1-9 (máis breve)

Descansará nela a vosa paz

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela designou o Señor a outros setenta e dous, e mandounos de dous en dous por diante del a todas as vilas e aldeas onde tiña pensado ir. Díxolles:

- A anada évos ben boa, pero os xornaleiros son poucos; así que rogádelle ao dono da colleita que mande xornaleiros á súa ceifa.

Ide e sabede que vos mando coma años entre lobos. Non levedes saco, nin alforxa, nin calzado, nin vos pades a parolar con ninguén polo camiño. Cando entredes nunha casa, antes de máis nada dicide: "Paz a esta casa". E se alí hai xente de paz, sobre ela repousará a vosa paz; se non a hai, volverá convosco. Permanecedes na mesma casa, comendo e bebendo do que teñan, que o obreiro ten dereito ao seu xornal. Non andedes dunha casa para outra. Cando entredes nunha vila e vos acollan, comedes do que vos poñan, curades os enfermos que haxa e dicídelles: "Xa chega a vós o Reino de Deus".